



GRAO EN TRABALLO SOCIAL

PREINSCRIPCIÓN NO PRACTICUM - CURSO 2019/2020

Primeiro cuadrimestre

Condições para realizar a preinscrición

A Memoria do Plan de Estudos do Grao en Traballo Social establece que é requisito indispensable para matricularse no Practicum (e polo tanto para facer a preinscrición) ter superados 150 créditos básicos e obrigatorios, entre eles todos os da primeira metade da titulación. Recoméndase, ademais que se teñan cursadas as seguintes materias:

- Servizos sociais especializados
- Traballo social con individuos e familias
- Soportes documentais e xestión da información en traballo social
- Deseño e avaliación de proxectos de intervención social
- Medidas de protección social
- Xestión e planificación de servizos sociais
- Xestión de organizacións

1.- Período temporal de realización das prácticas e duración das mesmas:

- Preparación Practicum na EUTS: 10 de setembro de 2019
- Prácticas na institución: 11 de setembro ao 20 de decembro de 2019 (518 horas de prácticas na institución o que supón unha media diaria de 6 horas)

2.- Criterios de selección: A asignación da praza efectuarase en virtude da puntuación obtida pola suma dos seguintes criterios:

- Lugar de residencia do/a alumno/a ou situación asimilada¹, a estimar pola Comisión para asignación de prazas do Practicum: **10 puntos**
- Nota media simple do expediente académico (ata un máximo de **10 puntos**)
- Ter aprobada a materia optativa vinculada ao campo de prácticas solicitado, sempre e cando proceda: **1 punto** (No caso de que dous alumnos/as obteñan a mesma puntuación, a praza de prácticas asignarase ao que teña maior nota na materia optativa)

3.- Órgano de selección: Comisión de Título. Está constituída por:

- Directora da EUTS
- Coordinador/a de Título
- Responsable de calidade do Centro
- Outros membros que propoña a Directora do Centro

4.- Órgano ou persoa responsable na entidade colaboradora: Traballador/a social do servizo e/ou Departamento de Servizos Sociais da entidade

5.- Persoa responsable da Escola: Coordinadora do Practicum.

6.- Documentación: Solicitude no modelo específico aportado polo Centro. Para acreditar os criterios do apartado 1 é necesario entregar a documentación que se relaciona, en cada caso:

Criterio 1:

- Para acreditar o lugar de residencia: Considerarase lugar de residencia o que conste na documentación de matrícula no curso anterior ao que se solicita o Practicum. A Comisión de Título, poderá requirir posteriormente, certificado de empadramento nos casos que se valore oportuno verificar o mesmo. Neste caso, no certificado ten que constar o empadramento nos dous anos anteriores á solicitude de praza no Practicum.

¹ Consideranse situacións asimiladas á residencia aquelas que por motivo de traballo, incompatibilidades establecidas pola Escola (relación de parentesco con persoas do servizo ou que o/a alumno/a sexa usuario do mesmo ou algún membro da súa familia), o insuficiente número de prazas no seu lugar de residencia, ser alumno/a do Centro a través dun programa de intercambio, e calquera outra circunstancia que a criterio da Comisión de Título xustifique a asignación de prácticas noutro lugar distinto ao da residencia.



➤ Para acreditar situación asimilada:

- Por motivo laboral: contrato de traballo selado pola Oficina de Emprego ou certificado de alta na Seguridade Social.
- Declaración xurada, no modelo facilitado pola EUTS, por incompatibilidades establecidas polo Centro.

Critérios 2 e 3:

Para acreditar a nota media simple do expediente académico e a cualificación da materia optativa vinculada ao campo de prácticas: extracto do expediente académico actualizado (ao que cada alumno/a pode acceder gratuitamente coa súa clave da USC virtual).

7.- Prazo de matrícula: O fixado pola USC, do 1 de xullo ao 5 de setembro de 2019

8.- Prazo de solicitude: 19 e 22 de xullo de 2019.

9.- Lugar de presentación: Secretaría da EUTS (en horario de atención ao público)

10.- Publicación da listaxe provisoria de asignación de prazos: 23 de xullo de 2019.

Unha vez publicada a listaxe, abrirase un prazo de 10 días hábiles para presentar reclamacións.

11.- Publicación da listaxe definitiva: 9 de setembro de 2019.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

PRACTICUM 2019-2020
primeiro cuadrimestre
PRAZAS OFERTADAS NA PROVINCIA A CORUÑA

A CORUÑA

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Asociación cidadá de loita contra o droga - ACLAD	1
Asociación pro enfermos mentales A Coruña	1
Centro de saúde Os Mallos	1
Complexo hospitalario universitario de A Coruña	
Hospital universitario de A Coruña	1
Hospital de Oza (psiquiatría)	1
Concello	
Unidade de atención social do Centro Cívico San Diego	1
Oficina municipal de dependencia, maiores e discapacidade	1

OLEIROS

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Concello - Servizos sociais comunitarios	2

ROIS

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Empresa Sanamede, S.L. (axuda a domicilio)	1

SANTIAGO DE COMPOSTELA

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia de xénero	1
Complexo hospitalario universitario	
Hospital psiquiátrico de Conxo	1
Concello	
Unidade municipal de atención a drogodependentes	1
Confederación galega de persoas con discapacidade – COGAMI	2

TEO

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Complexo residencial Victoria	1

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019

NOTA: modificación da oferta publicada o pasado 8 de xullo

PRACTICUM 2019-2020
primeiro cuadrimestre
PRAZAS OFERTADAS NA PROVINCIA LUGO

LUGO

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Confederación galega de persoas con discapacidade – COGAMI	1
Fundación Meniños – Programa de intervención familiar	1

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019

PRACTICUM 2019-2020
primeiro cuadrimestre
PRAZAS OFERTADAS NA PROVINCIA OURENSE

VERÍN

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Mancomunidade de Verín	1

XINZO DE LIMIA

centro/servizo/programa	prazas ofertadas
Concello – Servizos sociais comunitarios	1

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2019